



# O RÍO DOS GAFOS

## TOMEZA - TOXAL - COCHO


### RÍO GAFOS - ZONA URBANA



O **Río Gafos** nace no «Mato da Xesteira» en Figueirido (Concello de Vilaboa). Desemboca na ría de Pontevedra (Nas Corvaceiras). Ten 8 afluentes, 16 pontes, e un percorrido de **10.830 metros**. O seu caudal está marcado pola pluviosidade das estacións. No inverno e en outono soe ir cargado, no verán leva menos auga; debido ao uso excesivo das súas augas para ás veigas, hortas... O río mantén unha importante biodiversidade destacando a **presenza de lontras na parte final do río**. Na vexetación atópanse: os fentos, os loureiros, os líquenes e outras plantas e arbustos. Nos bosques de ribeira hai bastante diversidade que se divide en tres categorías: **Brañas** – teñen un alto grado de humidade. Salientan os salgueiros e os amieiros. **Fragas** – é o bosque tradicional galego. Salienta o carballo. **Soutos** – bosques monoespecíficos (dunha soa especie) de castañas plantados polo home para a obtención de castañas e madeira. **O seu nome proven dun hospital de leproso** xunto o desaparecido templo «Virxe do camiño», levando os seus xardíns ata a ribeira do río. En galego-portugués a palabra gafó significaba leproso. Polas pontes do río dos Gafos, pasaba a **antiga calzada romana**, dende Tui ata Padrón. As súas augas foron utilizadas como lavadeiros públicos. A calidade da auga depende do tramo do río e momentos circunstancias de xente inconsciente que fai vertidos tóxicos para este ecosistema. O río ten distintos nomes dependendo por onde pase: Cocho, Toxal, Tomeza, Gafos, Da Taboada, Palamios,... Os seus principais **afluentes**: Bois, Barco, Pombal e Pintos na marxe dereita, e Os regos da Antigüidá, Miñoto ou Filgueira e o río Bala ou Cubela.



- 1-Nacemento: Mato da Xesteira
- 2-Foz
- 3-Río canalizado
- 4-Ponte dos Rocíos
- 5-Ponte Ansuíña
- 6-Ponte Leira Longa
- 7-Ponte Rebón
- 8-Ponte da Condessa
- 9-Ponte de San Valentín
- 10-Ponte do Couto
- 11-Ponte Bolera
- 12-Ponte da Taboada
- 13-Ponte Nova
- 14-Muíño do Toxal
- 15-Muíño de Cabanas
- 16-Muíño do Couto
- 17-Muíño de V. Soler
- 18-Estación do Ferrocarril
- 19-Estación de Autobuses



MAPA ANTIGO

**Cárcere** : Audiencia (Antigos Xulgados). No círculo: Muíño de Ozores, zona río "Ghafos" denominada antigamente "Entrerrios" (hoxe estaría dentro dos recintos es colares, entre Crespo Rivas e Campolongo)